

FeSP-UGT reivindica o papel dos orientadores educativos na concertada

19 de febreiro de 2018

FeSP-UGT considera imprescindible reforzar o labor dos orientadores educativos nos centros concertados o que implica:

1. **Incrementar o número de orientadores.** O incremento do cociente orientadores/ unidade concertadas nunca debe ir en detrimento do profesorado polo que é necesario un **incremento do rateo**. É imprescindible un orientador para cada etapa educativa, debendo comezar por Educación Infantil.
2. Deben orzamentarse do mesmo xeito que o resto do Ensino Concertado nos **Orzamentos Xerais do Estado** e complementarse cos Orzamentos da **Comunidade Autónoma**.
3. No novo Convenio Colectivo debe recollerse a figura do **Orientador educativo nas tres etapas:** Infantil, Primaria e ESO-BTO; na actualidade só se contempla un orientador para Infantil e Primaria conxuntamente. E sobre todo, debe cumprirse o que vén no convenio, pois a realidade é que nos centros non existe orientador de Infantil-Primaria.
4. Aos orientadores das etapas de Educación Infantil e de Educación Primaria debe asignárselles **o mesmo salario que ao orientador da ESO**, dado que a titulación de acceso á orientación educativa é a mesma con independencia da etapa na que se exerza a orientación.

5. O salario dos orientadores debe estar regulado polo **pago delegado**.

FeSP-UGT trasladará estas reivindicacións ás comisións negociadoras do Ensino, **especialmente á Mesa sectorial estatal do Ensino Concertado**. É na devandita Mesa sectorial, "**mil**" veces reivindicada por FeSP-UGT e "**mil**" veces non convocada polo **MECD**, o lugar adecuado onde se negocian estas e outras cuestións referentes ao Ensino Concertado.

Xuntos podemos máis

SINDICATO NACIONAL ENSINO PRIVADO

**ORIENTADORES
IMPRESCINDIBLES**



Pontevedra

Pasantería 1, 1º
Telf 986 858 413
pontevedra@feteugtgalicia.es

Ourense

Parque San Lázaro 12, 1º
Telf. 988 237 790
ourense@feteugtgalicia.es

Arousa

Rúa Castelao 22, Baixo
Telf. 986 511 213
arousa@feteugtgalicia.es

A Coruña

Avda. Fernández Latorre 27, 3º
Telf 981 24 84 71
acoruna@feteugtgalicia.es

Vigo

García Barbón 67
Telf 886 132 759
vigo@feteugtgalicia.es

Santiago

Miguel Ferro Caaveiro 12, 1º
Telf: 981 573 634
compostela@feteugtgalicia.es

Lugo

Ronda da Muralla 58, 1º
Telf 982 221 854
lugo@feteugtgalicia.es

Ferrol

Rúa do Carme 43-45, 2º
981 359 131
ferrol@feteugtgalicia.es

INFORMACIÓN SOBRE CONVENIOS, TÁBOAS SALARIAIS, ETC NA NOSA WEB

www.feteugtgalicia.es